

NOTIFICACIÓN

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
905/2020	A Xunta de Goberno Local

Mediante este documento notifícaselle que na sesión desenvolvida o día 13 de febreiro de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

- Expediente 905/2019. Recurso contra Acordo da XGL do 26 de decembro de 2019 pola que se aproban a Bases convocatoria e proceso selección Técnico/a de Xuventude, orientación laboral e responsable da OMIX.

ANTECEDENTES

1º) En sesión da Xunta de Goberno Local do Concello de Soutomaior de 26 de decembro de 2019 aprobouse a convocatoria e bases do proceso de selección de técnico/a de xuventude, orientación laboral e responsable da Oficina Municipal de Información á Xuventude (OMIX).

2º) O 10 de xaneiro de 2020 publicouse no Boletín Oficial de Pontevedra num.6, anuncio de publicación das referidas bases reguladoras.

3º) En data 30 de xaneiro de 2020 tivo entrada no rexistro xeral do Concello, recurso formulado por D. Miguel Angel Ruíz de Azua Antón, en calidade de Presidente do Ilustre Colegio Nacional de Doctores y Licenciados en Ciencias Políticas y Sociología (en adiante CNLPPS), fronte Acordo da XGL do Concello de Soutomaior, adoptado o 26 de decembro de 2019.

4º) O 4 de febreiro de 2020 emitíuse informe polos servizos de asesoría xurídica do Concello.

5º) En data 5 de febreiro de 2020 incorporouse ao expediente correo electrónico dirixido a Alcaldía por D^a. Natividad Rodríguez na que interesaba a corrección das bases do procedemento en varias cuestións por entendela non axustadas á dereito.

INFORME

Consta no expediente informe do letrado D. Santiago Nandín Vila, que nos seus extremos máis relevantes di:

I.- De conformidade co exposto nos artigos 88, 112, y 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común (LPAC) cómpre considera-lo escritos presentados polo CNLPPS e D^a. Natividad Rodríguez como recursos potestativos de reposición dirixido fronte ao Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado o 26 de decembro de 2019 polo que aprobouse a Convocatoria e bases para proveer unha praza de técnico/a de xuventude, orientación laboral e responsable da OMIX. No que respecta ao escrito presentado pola Sra. Rodríguez, e se ben o mesmo non





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

se articula formalmente como recurso de reposición, na medida en que no mesmo solicítase a corrección das bases procede entende-lo como verdadeiro recurso de reposición ao abeiro do artigo 115.2º da LPAC.

II.- A teor do sinalado no artigo 123 da LPAC resulta competente para resolver sobre os recursos deducidos a Xunta de Goberno Local por ser o órgano que ten ditado a resolución cuxo contido se impugna.

III.- Ambos recursos teñen sido presentados dentro do prazo de un mes a contar dende a notificación do acto administrativo conforme ao previsto no artigo 124.1º da norma procedimental común, polo que procede a súa admisión e exame.

IV.- Procede a continuación examina-los motivos e pretensións deducidos por cada un dos recorrentes.

En relación ao recurso formulado polo CNLPPS:

O recurso cínquese a cuestiona-la legalidade da previsión disposta na Base Segunda, apartado e) da Convocatoria, relativa á titulación admisible a efectos de concorrer ao proceso de estabilización. Na mesma, establece a necesidade de que o aspirante acredite estar en posesión do título de Diplomado/a ou Graduado/a en Educación Social, sen engadir ningunha outra titulación diferente.

A entidade recorrente considera discriminatoria a limitación imposta, dado que entende, que as persoas tituladas en Socioloxía ou en Ciencias Políticas e da Administración, non poderán concorrer ao proceso pese a que posuirían competencias, habilidades, e aptitudes suficiente para desenvolver as funcións do posto ofertado - Técnico/a de Xuventude, Orientación Laboral e Responsable da OMIX (en adiante TXOL)-. Ao longo do escrito remítese, a modo exemplificativo, a diferentes convocatorias promovidas dende diversas Administracións para postos similares ao ofertado neste proceso, así como á disposicións que, ao seu xuízo, acreditarían a capacidade sobrada dos titulados en Socioloxía e CCPP para poderen concorrer ao proceso.

É doutrina reiterada polo Tribunal Constitucional a do recoñecemento e potenciación das atribucións das Administracións públicas en materia funcional e laboral e os principios xerais a que debe someterse o seu exercicio (STC 18 e 21 Outubro 1993); tendo sinalado a ampla marxe de que gozan as Administracións públicas para configurar ou concretar organizativamente o status do persoal ou servizo (SSTC 50/1986, 57/1990 e 293/1993). Con todo, a xurisprudencia tamén expresa que os poderes para ordenar a organización non poden constituír, so pretexto de que se trata dunha potestade referida a un ámbito doméstico, un coto exento de submisión ao dereito, o que sería contrario aos arts. 9.1 e 103 da Constitución. E a sentenza do TS de 23 de xaneiro de 2006 sinala que, no que respecta á regulación dos requisitos de acceso á función pública, a mesma debe poñerse en conexión coas previsións que a propia Constitución establece, nos seus artigos 23.2º e 103, relativo aos dereitos dos cidadáns a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que marquen as leis, e o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade. Principios reitores desenvolvidos nos artigos 55 e 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP) e artigos 54 e ss. da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG).





Neste sentido, tanto o artigo 56 do TREBEP como o artigo 50.b) da LEPG contemplan como un dos requisitos xerais de acceso, a capacidade xenérica para optar a un posto en concreto, o que tradúcese na posesión de titulación, e maior ou menor grao, que estea en consoancia coas funcións do corpo respectivo, existindo unha presunción de capacidade xenérica anudada a cada escala de titulación oficial.

Sentado o anterior a cuestión reside en examinar se a única titulación esixida nas bases da convocatoria para o posto de técnico ofertado impide, restrinxe, ou limita inxustificadamente, o principio de concorrencia e acceso á función pública aos efectos do desempeño das concretas funcións que integran o contido do posto. Neste sentido, as funcións do posto que se conteñen na Relación de Postos de Traballo municipal e se reproducen na oferta mostran diversidade nas competencias requiridas, resumíndose éstas nas seguintes:

“1) Deseño e planificación dos Plans Municipais de Xuventude para a promoción de actividades sociais, formativas e educativas orientadas a facer efectiva a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento integral da xuventude.

2) Elaborar e coordinar o plan estratéxico da Concellería de Educación que conteña unha proposta integral para desenvolver, dirixir e coordinar coherentemente, a partir da transversalidade, as intervencións e redes educativas municipais.

3) Crear estruturas de coordinación cos centros educativos do municipio para establecer as liñas de colaboración interinstitucional e desenvolver accións educativas integrais.

4) Asesoramento ás Concelleiras/os delegadas/os en materia de Xuventude e Educación e Cultura.

5) Elaboración de informes para as Concellerías de Xuventude e Edde dar conta do cumprimento das tarefas encomendadas.

6) Responsable da OMIX. Planificar e administrar os recursos necesarios para que as persoas ou entidades encargadas da execución directa dos programas cumpran coas directrices marcadas atendendo a criterios de calidade, eficacia e eficiencia.

7) Elaboración do protocolo de xestión dos recursos humanos que traballan ou colaboran voluntariamente dentro dos programas da OMIX e de Educación, en aplicación das leis vixentes na materia.

8) Elaboración das prescricións técnicas que deben conter as propostas presentadas polas persoas físicas ou xurídicas para a execución de proxectos, valoración de propostas e redacción de informes técnicos co fin de tomar decisións sobre a contratación.

9) Deseño e implementación de procedementos e instrumentos de avaliación para a mellora continua do servizo e dos programas promovendo novas liñas de actuación en Xuventude e Educación.

10) Orientación e asesoramento en materia xeral ou especializada sobre materias de interese para a xuventude (asociacionismo, axudas, formación, etc). Tramitación de consultas e recursos dirixidos á xuventude.

11) Recompilar, catalogar e elaborar a información de interese para a xuventude para a súa distribución na OMIX e antenas locais (colexios, etc).

12) Orientar e asesorar en materia laboral para a procura activa de emprego.



13) Diseñar programas de formación para mellorar a inserción sociolaboral. Establecer contactos con empresas ou entidades públicas para colaborar en materia de emprego e igualdade de oportunidades.

14) Deseño dos contidos e coordinación de recursos necesarios para a edición das publicacións das Concellerías de Educación e Xuventude.

15) Diseñar os contidos especializados para a área dedicada a Xuventude e Educación da web municipal. Diseñar modelos para implantar procedementos de tramitación, en liña, para as áreas de intervención de Xuventude e Educación.

16) Elaboración de proxectos para a tramitación e xestión técnica de axudas e subvencións convocadas por organismos públicos ou privados relacionadas coas funcións que se desempeñan.

As competencias das titulacións veñen recollidas, esencialmente, nos diferentes Plans de Estudos elaborados polas Universidades en virtude da autonomía que as mesmas lle recoñece a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (LOU), polo que no é doado establecer unha comparativa de competencias entre titulacións que puidesen compartir contidos. Conforme á hoxe derogada Orde de 28 de agosto de 1970 pola que se aprobaba o Regulamento dos Colexios Oficiais de Graduados Sociais, aos mesmos se lles recoñecía a súa condición de técnicos en materias sociais e laborais, correspondéndolles funcións de asesoramento, representación e xestión, nos supostos permitidos polas normas, en asuntos laborais e sociais por ou ante o Estado, Corporacións Locais, etc... Xa que logo, a Diplomatura en Graduado Social sería adoitada para entender cuberta a capacitación xenérica no desenvolvemento das funcións da praza ofertada. Agora ben, resultaría contrario a aqueles principios de mérito e capacidade, limitar a concorrencia á citada titulación se puidese acreditarse igualmente tal competencias mediante outras titulacións, como sostén o Ente colexial recorrente. Neste sentido, resulta ilustrativo atender aos criterios que respecto a cada titulación teñen sido publicados pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), organismo autónomo entre cuxas funcións atópase a certificación e acreditación das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (Art.6 RD 1112/2015, de 11 de decembro, que aproba Estatuto da ANECA). Especialmente útil resultan os nomeados “Libros Blancos” que a ANECA ten publicado sobre as diferentes titulacións oficiais. No que refírese á Titulación de Grao en CC Políticas e da Administración, Socioloxía e Gestión e Administración Pública (http://www.aneca.es/var/media/150260/libroblanco_politicas_def.pdf) o seu Libro Branco determinar unha serie de perfís profesionais, entre os cales atópase o de “Técnicos das Administracións Públicas”, con tarefas de dirección, xestión, inspección, coordinación e estudo, deseño de planeamento de propostas de mellora para as AAPP, ou o de “Axente de desenvolvemento Local”, como aquel profesional que “define, programa y ejecuta acciones orientadas al desarrollo integral a nivel local. Diseña estrategias para la promoción de la actividad empresarial, la creación de empleo y el desarrollo sostenible. (...) Diseña planes comunitarios para fomentar la participación ciudadana y dinamizar el tejido asociativo local.” Sentado o anterior non pode negarse que estar en posesión da citada





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Titulación de Grao den CC Políticas e da Administración, Socioloxía e Gestión e Administración Pública debería permitir optar ao proceso ofertado.

Porén, igualmente debe referirse ao sinalado nos citados textos da ANECA para os Graduados en Ciencias Laborais e RRHH, para os cales dito Ente, os entende capacitados para desenvolver perfís de axentes de emprego e desenvolvemento local, axentes de conciliación, técnicos de orientación e intermediación laboral ou formadores e técnicos para a inserción laboral.

(http://www.aneca.es/var/media/150308/libroblanco_rrhh_def.pdf). Do mesmo xeito contéplase un perfil asistencial, de planificación e xerencia e administración, para as titulacións de Traballo Social (file:///C:/Users/Santiago/Desktop/libroblanco_trbjsocial_def.pdf)

En consecuencia co exposto, cómpre estimar o recurso se ben o que non semella posible, admitindo o argumento da recorrente e o exposto, e discriminar a súa vez e de xeito non xustificado, a non inclusión, a maiores das titulacións anteriormente referidas ou calesquera outras relacionadas coas Ciencias Sociais e/ou Xurídicas que teñan afinidade co posto.

En relación ao recurso presentado pola Sra.Rodríguez

O primeiro motivo de recurso é substancialmente análogo ao argumentado polo CNLPPS, polo que basta dar por reproducido e remitirse a anterior argumentación, debendo informar de xeito favorable a modificación da base cuestionada no sentido xa indicado.

A segunda obxección expresada no escrito da Sra.Rodríguez faría referencia á suposta falla de obxectividade e quebra do principio de igualdade no segundo exercicio da fase de oposición, relativo á defensa da memoria oral. Considera a alegante que ao permitirse unha defensa libre dun tema non prefixado polo tribunal, e non posuír criterios unánimes, non quedarían garantidos aqueles principios. Revisada a base en cuestión compróbase que no apartado “presentación” da memoria descríbense de xeito detallado os parámetros de valoración, que virán referidos, non ao contido da temática elixida, senón a aspectos periféricos a aquel contido e contrastables entre exercicios. Criterios comúns para todos os aspirantes. como son a “capacidade técnica, capacidade de síntese, precisión terminolóxica, planificación, presentación, uso correcto de normativo e pragmatismo” na presentación do contido elixido. Xa que logo, a proba non require unha valoración do contido das memorias presentadas, senón da forma de desenvolverse a presentación daquelas, cuns requisitos prefixados, o que permite unha valoración en termos de igualdade. O mesmo cabe indicar canto ao seguinte apartado, “defensa oral” da presentación, se ben, neste punto, enténdese preciso clarexar os parámetros de valoración dado que non se reflicten expresamente no texto. En consecuencia, procede a estimación parcial da observación efectuada pola interesada.

VI.- En consecuencia, cómpre ditar resolución no sentido indicado, accedendo asemade a conservación, conforme ao artigo 51 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, daquelas solicitudes presentadas.

VII.- A resolución do recurso administrativo en prazo baleira de obxecto a eventual estimación da medida cautelar solicitada, cuxa eficacia





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

solicitábase ata en tanto non foxe resolto o recurso, polo que non procede acceder á suspensión do proceso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en virtude das competencias delegadas polo Sr. Alcalde por Resolución nº 295/19, de data 17 de xuño de 2019, adopta o seguinte **ACORDO**

Primeiro.- ESTIMAR parcialmente os recursos formulados polo COLEGIO NACIONAL DE DOCTORES Y LICENCIADOS EN CIENCIAS POLÍTICAS Y SOCIOLOGÍA e por D^a. NATIVIDAD RODRÍGUEZ fronte as Bases reguladoras para a convocatoria e proceso de selección de técnico/a de xuventude, orientación laboral e responsable da Oficina Municipal de Información á Xuventude (OMIX), procedendo á anulación do contido da alínea e) da Base Segunda, en relación á titulación requirida para a admisión de aspirantes co fin de ampliar o contido das titulacións admitidas no sentido indicado no corpo desta resolución, así como a anulación do contido do segundo exercicio da fase de oposición, Base Sexta, co fin de explicitar os criterios de valoración da defensa oral da memoria a presentar no citado exercicio. Todo o anterior, con conservación dos restantes actos da convocatoria non afectados pola revisión, procedendo a publicación de nova convocatoria corrixida nos anteriores aspectos con prazo para a presentación de solicitudes.

Segundo.- NON ACCEDER á suspensión do proceso pretendida unha vez resolto expresamente o recurso de reposición.

Terceiro.- COMUNICAR aos interesados o contido da presente resolución, facéndolles saber que fronte a mesma unicamente poderán interpor recurso contencioso-administrativo a presentar fronte ao Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar dende a data da súa notificación, e sen prexuízo doutros medios de impugnación dos que os interesados poidan valerse

A SECRETARIA,

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

